



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Area Carracedo, Iván  
Cidrás Pidre, José  
Gago Rodríguez, Alberto  
Gálvez Gálvez, Juan Francisco  
García Mateo, M<sup>a</sup> Del Carmen  
García Pino, Antonio  
González Pillado, Esther M<sup>a</sup>  
Hernández Sánchez, Jesús  
Membiola Iglesia, Pedro  
Montero Muñoz, María  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel  
Vidal Andión, Antón

### DECANOS/DIRECTORES:

Cid Fernández, Xose Manuel  
Cruces Colado, Susana  
Garrido Valenzuela, Irene  
González Piñeiro, Luis  
Mejuto Fernández, Juan Carlos  
Pereira Domínguez, Alejandro  
Pousada Carballo, José María  
Rodríguez Fuentes, Gustavo  
PDI-A:  
Barcia Rodríguez, Ignacio  
Blanco Pesqueira, Antonia  
Domínguez Martín, Jorge  
Legido Soto, José Luis  
Liz Marzán, Luis Manuel  
Ramos Cabrer, Manuel  
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier

### PDI-B:

Martínez Ínsua, Ana Elina

### ESTUDANTES:

Campos Casal, Jacobo  
Fariñas Valiña, Iago

### PAS:

Bernal Gómez, Rosa  
CONSELLO SOCIAL:

### DESCULPAN ASISTENCIA:

Pérez Losada, Fermín E.  
Ortiz Torres, Luis  
Sueiro Justel, Joaquín

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 23 de xullo de dous mil sete, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O luns, día 23 de xullo de 2007, ás 10:10 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede da acta da sesión ordinaria do día 28 de xuño de 2007.
2. Informe do Reitor.
3. Aprobación, se procede, de comisión de servizos.
4. Aprobación, se procede, das prazas a prover mediante concurso de acceso entre habilitados.
5. Aprobación, se procede, da normativa de profesorado de substitución.
6. Aprobación, se procede, da autorización para a acumulación do período de vacacións a distintos permisos ou licenzas.
7. Aprobación, se procede, de solicitude de cambio de área.
8. Resolución do recurso de alzada presentado por D. Manuel A. García Fernández.
9. Aprobación, se procede, da suspensión temporal do artigo 5.3 da Normativa de Permanencia.
10. Aprobación, se procede, da modificación do artigo 8.4 do Regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno.
11. Aprobación, se procede, das normas provisionais de adaptación á LOU.
12. Aprobación, se procede, da creación de cargos de I+D: Director e Subdirector do GRADIANT.
13. Aprobación, se procede, da normativa reguladora da tramitación do Suplemento Europeo ao Título.
14. Aprobación, se procede, de incorporacións de remanentes de libre disposición.
15. Aprobación, se procede, da Memoria 2006 da Oficina de I+D\*.
16. Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: Especialista en administración de redes e servizos IP, Especialista en intervención e atención de persoas con dependencia.
17. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración coa UNED, para o recoñecemento de créditos de libre elección – Convenio de colaboración coas Universidades de Coruña e Santiago de Compostela para a aprobación do plan de estudos de posgrao interuniversitario de empresa familiar.
18. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Lectura e aprobación, se procede da acta da sesión ordinaria do día 28 de xuño de 2007.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Informe do Reitor.

Inicia a súa intervención o Reitor co informe sobre a xuntanza do Consejo de Universidades relativa ao Borrador do Decreto de Grao e Posgrao, sinalando que os representantes da permanente da CRUE expuxeron diante das autoridades do Ministerio de Educación os reparos, cautelas e melloras que en opinión dos reitores deberían terse en conta no citado borrador. As propostas neste sentido referíronse aos seguintes asuntos:

1. Profesións reguladas: as universidades necesitan coñecer con antelación e precisión a listaxe de profesións reguladas, as disposicións legais que fixan atribucións profesionais e os contidos básicos desas atribucións para dotar de certeza e seguridade ao proceso de elaboración dos novos planos de estudio.

2. Proceso de verificación e rexistro dos novos títulos: este proceso debe ser revisado na procura da súa máxima simplificación. Neste sentido, os reitores creen posible e útil diferenciar entre títulos existentes, establecidos e socialmente recoñecidos, por unha banda, e títulos novos, por outra. Os procesos de verificación e rexistro poderían ser máis áxiles e sinxelos para os primeiros, eliminando das condicións administrativas algúns aspectos, como as previsións de emprego, por exemplo, que no seu caso semellan innecesarios.

3. Tamén en relación cos procesos de verificación e acreditación, a CRUE entende que é preciso clarificar o papel da ANECA, evitando unha concentración de funcións e un protagonismo que non semellan procedentes. Conviría distinguir neste sentido os momentos inicial (verificación) e posterior (acreditación) dos novos títulos do xeito seguinte:

- Verificación: avaliación técnica pola ANECA e decisión final adoptada polo Consejo de Universidades.
- Acreditación: realizada pola ANECA cada seis anos.

4. Como parte de todo o proceso administrativo de verificación/acreditación sería igualmente importante clarificar a atribución de competencias ás Comunidades Autónomas. Neste sentido, conviría que quedasen ben definidos os papeis dos diferentes actores para evitar confusións e duplicacións de funcións e trámites. Esta clarificación debe concretarse do seguinte xeito:

- As Universidades fan o control académico dos novos títulos.
- As Comunidades Autónomas ordenan o sistema e aproban.
- A ANECA realiza a avaliación técnica.

5. A definición dos prazos para a realización da reforma ten un enunciado incorrecto, posto que remite á data fixa do 31 de xaneiro de 2008 como tope para admitir as primeiras propostas de novas titulacións. A CRUE entende que os prazos deben ser vencellados a momentos procesais precisos, como, por exemplo, o momento de aprobación formal do Decreto.

6. Existe preocupación tamén polos aspectos de transición, que non son contemplados ou son mal resoltos no borrador do Decreto. Demándase a este respecto a consideración de dous asuntos moi importantes dentro desa difícil transición:

- En primeiro lugar, debe contemplarse un escenario específico de transición para os actuais títulos de segundo ciclo, para os que as datas fixadas no borrador do Decreto non contemplaron ningunha solución.

- En segundo lugar, debe pensarse tamén nunha transición xenerosa para as actuais Diplomaturas, para as que o cumprimento da condición dun mínimo de profesores doutores pode converterse nun problema de difícil resolución. Neste sentido, debera modificarse esta condición para non véncellela ao número de profesores, senón ao dos créditos.

7. A CRUE entende que o presente texto legislativo sería unha moi boa oportunidade para enviar un sinal claro a todo o sistema universitario respecto do novo escenario de financiación que trata de definir o Ministerio en conxunción coas CC.AA. Non hai no texto referencia algunha a este tema e debería habela, polo menos facendo explícito algún tipo de compromiso.

8. Hai tamén unha certa preocupación polas condicións de accesibilidade aos novos títulos de Máster. A solución actual é excesivamente restritiva e xera inconvenientes serios sobre todo para captar alumnos do ámbito europeo. A CRUE entende que para evitalo sería preciso buscar unha fórmula que permitise obviar en determinadas condicións o requisito dos complementos formativos de 60 créditos.

9. Por último, a CRUE entende necesaria unha revisión das listaxes de Materias Básicas, sobre todo no que respecta á Rama Xurídico-Social, na que se propón incorporar as materias : Empresa, Xeografía e Antropoloxía.

Na mesma sesión do Consejo de Universidades acordouse un procedemento de negociación para dar cauce ao debate destas suxerencias co Ministerio sen alterar o calendario legislativo previsto. Este acordo implica: primeiro, a elaboración por parte da CRUE dun documento definitivo e ordenado de propostas de emenda e mellora do borrador do Decreto; segundo, facultar á Permanente da CRUE para levar adiante esa negociación no nome de todas as universidades españolas; e terceiro, o compromiso por parte do Ministerio de fixar unha data de negociación non máis alá do actual mes de xullo. Á volta das vacacións saberase cal ten sido o resultado deste acordo de negociación e o Reitor anuncia que nese momento informará a este Consello de Goberno.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén en primeiro lugar a Prof<sup>a</sup>. Garrido quen pide unha aclaración, falando dos 60 créditos comúns en que os 36 son asignaturas de cada rama, relativa a por que a asignatura de Empresa cambiou de rama. O Reitor resposta que ao MEC non lle importa esta cuestión en canto procede do estudo de distintas comisións. Tal e como está pódese coller Empresa como básica en calquera rama.

O Prof. Legido expón que está claro que xa non hai volta atrás e que en 2008 a Universidade de Vigo terá que poñer en marcha algunha titulación, nembargantes o Reitor informa de cómo están as cousas fóra pero é necesario establecer as claves dentro da nosa Universidade e determinar por onde se vai a ir. É necesario entrar nun debate interno sobre as titulacións e que o equipo de goberno explique cal é o plan que ten sobre o plano de titulacións da Universidade.

O Reitor replica que falta algo moi importante neste momento que é o Decreto da Xunta e a Xunta polo momento di que non haberá titulacións novas ata o 2010. O Decreto é esencial posto que determinará o número mínimo de alumnos por titulación ou a optatividade permitida. Deste xeito o Decreto é necesario para determinar a estratexia a seguir na Universidade, pero a Xunta anuncia o Decreto para despois da aprobación do texto de MEC, e o Reitor xa pediu a Xunta a remisión dun borrador para discutir coa comunidade universitaria. A aprobación do Decreto da Xunta sería o pistoletazo de saída, a partir de aí a Universidade tería que aprobar a súa propia norma. Por outra banda, estase pensando que para o mes de setembro ou outubro se traia ao Consello de Goberno un plan de apoio aos centros e á oficina de calidade para que poidan sacar todo o traballo que trae consigo a adaptación ou implantación das novas titulacións. Engade o Reitor que si só se van adaptar os plans vellos, a aposta é innovar nos masters. A partir do 2010 si haberá unha discusión do plan estratéxico importante, a debater no Claustro. Conclúe o Reitor dicindo que se está agardando polo MEC e pola Xunta e a partir de aí se debaterá sobre a norma propia da Universidade.

O Prof. Legido insiste en que existen claves independentes do proceso externo porque é a Universidade a que ten que deseñar a estrutura e clarear aspectos esenciais do proceso, como poden ser quen ten a responsabilidade do mesmo ou si existe interese en que se implanten grados interuniversitarios ou si haberá primeiros comúns.

O Reitor resposta que interesan todas as estratexias, así si unha titulación funciona e está ben establecida non debería haber agrupamento, pero si unha titulación ten poucos alumnos, debería apostar por unha titulación conxunta. Polo tanto, sempre que se respecten as pautas de calidade, a estratexia ten que ser flexible e diversa, adaptable ás necesidades estruturais e históricas. Así, a Universidade ten que dar apoio pero non establecer unha estrutura, senón permitir flexibilidade. Cousa distinta é como se vai proceder tendo en conta que as Xuntas de Titulación tal como existen neste momento non teñen sentido. Por último, o Reitor fai un resumo da súas actuacións neste tema: a preparación dun plan de apoio aos centros, a petición a Xunta dun borrador de Decreto de Titulación para distribuír aos centros; e as reunións cos centros para falar do futuro das súas titulacións.

**Punto 3.** Aprobación, se procede, de comisión de servizos.

Cédese a palabra ao Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que se trata da solicitude de prórroga por un ano da Comisión de Servizos solicitada pola Universidade Pablo Olavide de Sevilla para o Profesor D.Manuel Tomás González Fernández. Cóntase cos informes favorables do Consello de Departamento e da COAP do pasado luns 16 de xullo de 2007.

Apróbase por asentimento.

**Punto 4.** Aprobación, se procede, das prazas a prover mediante concurso de acceso entre habilitados.

Cédese a palabra ao Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen expón que a relación de prazas que se solicitan, están todas elas informadas favorablemente pola COAP do 16 de xullo.

Unha praza de Profesor Titular de Universidade na área de Economía Aplicada (225) (Departamento X06 Economía Aplicada). A Profesora Contratada Doutora Dna. María Xosé Vázquez Rodríguez acadou habilitación.

Unha praza de Profesor Titular de Universidade na área de Nutrición e Bromatoloxía (640) (Departamento C07 Química Analítica e Alimentaria). A Profesora Contratada Doutora Dna. Concepción Pérez Lamela acadou habilitación.

Unha praza de Profesor Titular de Escola Universitaria na área de Máquinas e Motores Térmicos (590) (Departamento T03 Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos). O Profesor Doutor Visitante a Tempo Completo D. Jacobo Porteiro Fresco acadou habilitación.

Unha praza de Profesor Titular de Universidade na área de Teoría do Sinal e Comunicacóns (800) (Departamento T14 Teoría do Sinal e Comunicacóns). O Profesor Contratado Doutor D. Roberto López Valcarce acadou habilitación.

Unha praza de Catedrático de Universidade na área de Matemática Aplicada. (Departamento T17 Matemática Aplicada II). O Profesor Titular de Universidade D. Eduardo Liz Marzán, acadou habilitación.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 5.** Aprobación, se procede, da normativa de profesorado de substitución.

Cédese a palabra ao Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que se trae hoxe esta normativa de profesorado de substitución en cumprimento do establecido no punto 4 das normas básicas de POD do curso 07/08 aprobadas por este Consello de Goberno o 14/03/07, na que se encargaba á COAP a proposta dunha normativa para cobertura de docencia vacante ca posibilidade de utilizar profesorado de substitución.

Trátase de que o profesor de substitución poda cubrir as necesidades docentes de carácter temporal que non é posible ou resulta inconveniente cubrir mediante conferencias invitadas. O profesorado de substitución ten un contrato laboral e súa docencia non está necesariamente limitada a 75 horas anuais e pode realizar a avaliación dos alumnos, o que supón unha vantaxe respecto dos conferenciantes invitados cando a docencia vacante se prolonga mais aló da cobertura que poda dar un invitado. En outros casos a idea é que esta figura poda servir para cubrir docencia cando se presentan dificultades para cubri-la mediante profesorado asociado. En certos ámbitos no é tan fácil atopar profesionais externos ao ámbito académico universitario que poidan participar como profesorado asociado.

O Vicerreitor expón os puntos máis salientables da normativa:

Na sección primeira se define a función do profesor de substitución e se establece a súa dedicación (tempo completo ou parcial) e se establece que o contrato se estende mentres dura a substitución pero solo no curso vixente. Recordase tamén a situación de praza non compatible con outro contrato no sector público.

Na segunda se regula o sistema de listas de agarda para a provisión de prazas de profesorado de substitución. É un sistema de chamadas sucesivas seguindo a orde de lista similar ao que se emprega actualmente para prover unha praza calquera cando renuncia un candidato da lista de provisión. A principal diferenza é que se permite aproveitar listas de provisión de outros concursos da mesma área para axilizar a contratación.

Cando non hai listas de espera posibles plantexase poder convocar concursos específicos, para o cal se adopta o mesmo sistema que nos demais concursos de profesorado contratado e se propón o mesmo baremo que os correspondentes ás prazas de axudante doutor, por ser as de maior categoría das de profesorado contratado que se regulan polo baremo oficial.

O texto ten sido revisado pola asesoría xurídica e polo servizo de normalización lingüística.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Solicita intervir a Prof<sup>a</sup>. Cruces para manifestar o seu desacordo coa equiparación da figura de profesor interino de substitución ao profesor axudante doutor posto que no Departamento de Tradución onde quedan vacantes prazas de asociado, a experiencia profesional é moito máis importante que a experiencia investigadora. Esta equiparación pode dar lugar a distorsións.

O Vicerreitor resposta que a equiparación se fixo coas prazas de maior categoría de profesorado contratado, pero é consciente de que nalgún caso non se atope o candidato máis axeitado.

A Prof<sup>a</sup> Cruces pregunta si tendo prazas de asociado vacantes se podería excluír a algún candidato por non ter experiencia profesional; ao que resposta o Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado que non.

Seguidamente, éntrase nun debate sobre a necesidade da experiencia profesional entre o Vicerreitor e a Prof<sup>a</sup>. Cruces, quen felicita ao Vicerreitor por a iniciativa á hora de presentar esta normativa pero poñendo de manifesto novamente as posibles distorsións que a aplicación da mesma pode xerar nalgúns casos.

O Reitor pregunta si alguén ten algunha proposta que facer para solucionar os problemas que se derivan da aplicación desta normativa.

O Prof. Legido sinala que esta normativa era necesaria pero ve un problema de aplicación posto que, como calquera dos candidatos pode ser substituído, pode xurdir o problema da substitución de aqueles asociados que se contratan para materias moi concretas pero que despois

non deberían dar outro tipo de materias. Entende que debería establecerse unha cautela para as prazas de asociado.

O Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado resposta que hai un orden de preferencia para cubrir as prazas vacantes e o profesor asociado é o último en ser chamado. De todos os xeitos sinala que, con carácter xeral, un asociado que se contrata para unha materia moi específica despois ao ano seguinte, se lle pode modificar a asignación da docencia polo departamento responsable. De establecerse cautelas se perdería a axilidade do procedemento.

O Prof. Legido replica que o mais interesante é que o departamento teña mecanismos flexibles para poder elixir.

O Vicerreitor expón que a flexibilidade é previa por iso non figura no texto, porque será o departamento o que teña que buscar a mellor solución adaptando incluso o POD.

A Prof<sup>a</sup> Garrido intervén para preguntar qué ocorre naqueles supostos nos que non houbo concurso nese ano e xurde a situación excepcional. Ao que o Vicerreitor resposta que neses casos se sacará concurso, seguíndose o procedemento pola vía de urxencia. Pese a todo, o procedemento require tempo, de xeito que este tipo de prazas é adecuado cando a baixa se prevé longa.

O Prof. Pereira propón que no baremo proposto no anexo se baixe a suficiencia investigadora en 20 puntos e se suba a profesional en 20.

A partir deste momento éntrase nun debate sobre o baremo e a posibilidade de que haxa baremos diferenciados, con intervención do Reitor, o Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado e os Profesores Barcia, Legido e Cruces.

Finalmente decídese deixar ao Departamento que decida o perfil do seu profesorado de substitución dentro das figuras existentes.

Apróbase por asentimento a normativa tal como figura no **anexo 1**.

**Punto 6.** Aprobación, se procede, da autorización para a acumulación do período de vacacións a distintos permisos ou licenzas.

Cédese a palabra ao Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, expón que se trata da revisión dun acordo da Xunta de Goberno de 17/10/1996 que establecía a acumulación do período de vacacións ao permiso de maternidade para os supostos que agora se contemplan de acordo coa actual normativa vixente: parto, adopción ou acollemento; paternidade; matrimonio; substitución de tempos de lactancia por permiso retribuído.

Apróbase por asentimento.

**Punto 7.** Aprobación, se procede, de solicitude de cambio de área.

Están invitados o Prof. Leandro Rodríguez Linares e o Director do Departamento de Informática.

Cédese a palabra ao Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen expón que D. Leandro Rodríguez Liñares, Profesor da área de Ciencias da Computación no Departamento de Informática, solicita cambio de área de coñecemento á de “Linguaxes e Sistemas Informáticos” do mesmo Departamento.

O interesado acompaña unha memoria cos argumentos científicos e un informe dun Catedrático de Universidade da Universidade Complutense de Madrid avaliando positivamente a súa solicitude.

Cóntase tamén co informe favorable do Consello de Departamento e cun escrito da Escola Superior de Enxeñaría Informática onde se pon de manifesto a intención do centro de modificar o encargo de docencia de dúas materias (actualmente impartidas polo profesor solicitante) no caso de que o mesmo acadase o cambio de área que solicita.

A COAP na súa reunión do pasado 16 de xullo examinou a documentación e informou favorablemente para que se tramite dita solicitude.

O Prof. Domínguez pregunta como é posible que se estea de acordo co cambio de área coas repercusións que ten para unha área concreta. Ao que resposta o Reitor que isto se fixo xa moitas veces.

Apróbase por asentimento.

**Punto 8.** Resolución do recurso de alzada presentado por D. Manuel A. García Fernández.

Cédese a palabra á Secretaria Xeral quen fai un breve resumo dos feitos que deron lugar á presentación deste recurso.

Trátase dun recurso de alzada presentado polo Prof. Ángel García Fernández contra o acordo do Consello de Departamento de Tradución e Lingüística celebrado na sesión ordinaria de 9 de maio de 2007, no que se aproba o POD e, dentro dese punto da orde do día tómase o acordo da non renovación do seu contrato de profesor asociado. Neste recurso o recorrente solicita a nulidade ou anulabilidade dese acordo e que se lle repoña nos seus dereitos, así como a apertura de investigación interna para a depuración das responsabilidades que procedan por parte do Consello de Departamento.

O recorrente alega que na orde do día do Consello de Departamento de 9 de maio non se incluíu un punto concreto relativo á toma de acordo sobre a non renovación do seu contrato de asociado, senón unicamente un punto xeral sobre o POD do curso académico 2007/08. A maiores alega tamén que nese Consello de Departamento se fixeron toda unha serie de alegacións sobre queixas de estudantes relativas a presuntos incumprimentos das súas funcións docentes, das que el non tiña coñecemento e que foron utilizadas como base para a non renovación do seu contrato.

O informe de asesoría xurídica parte da consideración de que os profesores asociados son contratados de carácter temporal e a súa continuidade depende do establecido na lexislación laboral. En concreto, o art. 49 do Estatutos dos Traballadores establece que o contrato se extingue automaticamente polo vencemento do seu prazo, non sendo necesario concretar a causa da



denegación da posible prórroga, pois existe liberdade para efectuala ou non (criterio que tamén defende a xurisprudencia).

Aplicando o contido deste artigo ao suposto da non renovación do contrato do recorrente, a asesoría xurídica entende que non é necesario incluír un punto na orde do día do Consello de Departamento para a non renovación do contrato, posto que o mesmo se extingue de forma automática una vez chegada a data do seu vencemento. Por outra banda, non é necesaria a alegación polo consello de Departamento de ningún motivo para propoñer a non renovación.

Por estes motivos a proposta que se fai pola Asesoría Xurídica é a desestimación do recurso presentado.

Por último, no que respecta á posible depuración das responsabilidades que se puideran derivar para o Consello de Departamento, non é competencia deste Consello de Goberno a adopción desta decisión.

Cédese a palabra ao interesado, o Prof. Manuel A. García Fernández quen despois de agradecer a audiencia que se lle concede, procede á lectura da súa intervención que se aporta como **anexo 2** e anuncia a súa intención de aceptar a decisión deste Consello de Goberno e non continuar coa súa reclamación en instancias xudiciais.

Intervén a Prof<sup>a</sup>. Cruces como Directora do Departamento de Tradución e Lingüística para expoñer como se fixo a aprobación do punto relativo ao POD. Como todos os anos se procede á renovación dos contratos dos profesores asociados dentro dese punto, e ela como Directora propuxo a non renovación do contrato do Prof. García Fernández, debido ao seu incumprimento sistemático de entrega de programas e actas fora de prazo. A maiores non houbo ningunha colaboración por parte do profesor cos membros da área e estivo de baixa laboral sen que en ningún momento comunicase á dirección do Departamento a data de remate da mesma. Por outra banda, se recibiron queixas de alumnos por escrito. Recorda tamén a Prof<sup>a</sup>. Cruces que os Profesores asociados non teñen dereito á promoción. Conclúe dicindo que non se ten lesionado ningún dereito, nin houbo xuízo sumarísimo como alega o recorrente.

Intervén o Prof. Legido para sinalar que este é un problema que se ven arrastrando en outros departamentos, así hai departamentos onde non se renovaba o contrato ao profesor asociado e despois se sacaba a concurso novamente a praza e o mesma persoa se presentaba novamente e gañaba. Debería establecerse un procedemento disciplinario e dende logo arbitrar mecanismos que eviten estas situacións e deixar claro que os profesores asociados deben cumprir as súas obrigas docentes.

O Prof. García Fernández replica que non está de acordo coa Directora do seu Departamento, porque como profesor asociado entende que cumpre coas súas obrigas docentes e que as queixas presentadas no teñen base e son subxectivas e se poderían reprochar a calquera profesor. A maiores sinala que ata a data do Consello de Departamento non tivo coñecemento da existencia de queixas e que en ningún momento foi informado das mesmas. Remítese ao xa exposto no seu escrito.

A Profª. Cruces intervén novamente para respostar que o Departamento cumpriu coa legalidade vixente e o incumprimento obxectivo existe posto que houbo incumprimento de obrigas académicas. Por todo elo solicita que se desestime o recurso.

O Reitor expón que o Prof. Legido pide superar a fronteira na que nos movemos actualmente e parece presentar a necesidade de establecer unha norma de cumprimento obxectivo que leve a non renovación dos contratos. Nembargante, a realidade é outra e os departamentos toman decisións de POD e normalmente non hai problemas. En relación ao tema concreto obxecto deste Consello de Goberno, sinala o Reitor que: o criterio de renovación non é fixo e non existen normas ao respecto; que de acordo co informe da asesoría Xurídica non é necesario incluír un punto específico na orde do día e non é necesario concretar as causas de non renovación; e que o acordo de non renovación se adopta nunha convocatoria correcta do Consello de Departamento. Por todo isto, pide aos membros do Consello de Goberno que acepten a proposta de Asesoría Xurídica.

O Prof. Legido solicita que se faga votación secreta.

A proposta que se fai é a seguinte:

O voto afirmativo será para desestimar o recurso.

O voto negativo é para estimar o recurso.

Feita votación, o resultado é o seguinte:

- Votos a favor da desestimación: 19.
- Votos en contra da desestimación: 1.
- Votos en branco: 8.
- Votos nulos: 1.

Apróbase por maioría a desestimación do recurso.

**Punto 9.** Aprobación, se procede, da suspensión temporal do artigo 5.3 da Normativa de Permanencia.

Cédese a palabra a Secretaria Xeral quen sinala que a razón da incorporación deste punto da orde do día e a aprobación do novo decreto de taxas aprobado pola Xunta de Galicia (Decreto 135/2007, de 12 de xullo, DOG de 16 de xullo), que encarece o custe da matrícula para os alumnos do curso académico 2007/08. Engade que xa no último Consello de Goberno, fronte a unha pregunta dos representantes de alumnos sobre o efecto deste decreto, se adiantou que se traería a este Consello de Goberno una proposta para suspender temporalmente a aplicación do art. 5.3 da Normativa de Permanencia pola repercusión negativa que ten para os alumnos.

Efectivamente, o art. 5.3 obriga ao alumno que se quere matricular dunha materia por primeira vez, a matricularse das troncais, obrigatorias de universidade ou de orientación que teña sen superar de cursos anteriores. Se temos en conta o encarecemento da segunda (incremento dun 15%) e seguintes matrículas (terceira, incremento dun 35% e cuarta e sucesivas, incremento dun 50% ) no novo decreto da Xunta para o curso académico 2007/08, isto trae consigo un prexuízo

económico para o alumno desta Universidade moi gravoso. Esta circunstancia leva a que traíamos esta proposta de suspensión do artigo ante este Consello de Goberno.

O Sr. Fariñas felicita ao equipo de goberno pola incorporación deste punto na orde do día do Consello de Goberno.

O Prof. Mejuto pregunta ao Reitor cantos artigos da normativa de permanencia da Universidade están en suspenso neste momento. Ao que resposta o Reitor que as opcións que se tiñan en relación á normativa de permanencia eran ou ben entrar nunha reforma xeral da normativa de estudantes ou suspender puntualmente este artigo pola súa repercusión negativa sobre os mesmos. Finalmente, optouse por esta segunda posibilidade debido a que neste momento non se pode avanzar moito no regulamento de estudantes ao estar pendente de aprobación o Estatuto do Estudante polo MEC.

Apróbase por asentimento.

**Punto 10.** Aprobación, se procede, da modificación do artigo 8.4 do Regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno.

Cédese a palabra á Secretaria Xeral quen sinala que do que se trata é de proceder á modificación do artigo 8.4 do Regulamento de Réxime Interno de Consello de Goberno para permitir a remisión aos membros de Consello de Goberno da documentación que acompaña á convocatoria das sesión deste órgano en formato electrónico.

A Lei de Procedemento Administrativo con carácter xeral esixe para a válida convocatoria dun órgano colexiado que se remita con antelación suficiente aos membros do órgano a orde do día, onde se expoñan os puntos concretos que van ser tratados na reunión. A maiores, se require que, no mesmo prazo, estea a disposición dos membros do órgano, a información sobre os temas que figuren nesa orde do día.

Nesta Universidade ven sendo tradicional remitir aos membros de Consello de Goberno a convocatoria en papel xunto coa documentación adxunta nese mesmo formato, porque o propio artigo 8.4 do Regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno o require así cando sinala que “a convocatoria contendo a orde do día, xunto coa documentación necesaria para o desenvolvemento da sesión será remitida...”.

Fronte a isto debe terse en conta que nestes tempos xa non ten sentido seguir con esta forma de actuación e debe buscarse unha fórmula mais axeitada aos avances tecnolóxicos, que sexa mais áxil e xuridicamente válida.

O sistema que a Asesoría Xurídica da Universidade considera mais axustado a dereito é remitir a convocatoria en papel e na mesma informar aos membros de Consello de Goberno que está colgada toda a documentación anexa nun arquivo na web de Secretaría Xeral ao que todos poderán acceder a través dunha clave.

Para a utilización deste sistema é necesario que se modifique o artigo 8.4 do Regulamento de Réxime Interno de Consello de Goberno que quedaría do seguinte xeito:

A convocatoria contendo a orde do día será remitida cunha antelación polo menos de noventa e seis horas, agás o caso da sesión extraordinaria e urxente. Neste caso deberá respectarse un prazo mínimo de corenta e oito horas. En igual prazo, a documentación necesaria para o desenvolvemento da sesión estará a disposición dos membros do Consello de Goberno en formato electrónico. En todo caso, esta documentación tamén poderá ser consultada polos membros do Consello de Goberno no mesmo prazo na Secretaría Xeral da Universidade".

O Prof. Legido felicita á Secretaria Xeral pola medida adoptada. Igualmente o mesmo fai o Sr. Campos e se congratula polo aforro de papel que supón.

O Prof. Berrocal solicita que non se deixe de aportar toda a documentación correspondente aos distintos punto da orde del día, aínda que sexa moi extensa.

Apróbase por asentimento.

**Punto 11.** Aprobación, se procede, das normas provisionais de adaptación á LOU.

Cédese a palabra a Secretaria Xeral quen sinala que, como todos sabemos, en febreiro deste ano elixíronse os membros da Comisión de Adaptación dos Estatutos á Reforma da LOU, e as restantes comisións de elaboración dos regulamentos. Neste momento estas comisións están xa traballando con borradores iniciais, pero debe terse en conta que a aprobación definitiva dos Estatutos da Universidade e dos distintos Regulamentos non vai ser tan rápida posto que seguimos en pleno proceso de reforma, así o Ministerio aínda non ten publicado os regulamentos de desenvolvemento da LOU: o Estatuto do Estudante, o Estatuto do PDI. E nin o Ministerio nin a Xunta teñen aprobados as normas relativa á nova estrutura de ensinanzas de grao e posgrao.

Esta situación trae consigo como consecuencia: que a reforma dos Estatutos non vai ser tan rápida e o mesmo sucede coa maioría dos regulamentos.

Pese a todo, é necesario que a Universidade actúe de acordo co previsto na reforma da LOU, isto fai necesaria a aprobación dunhas normas provisionais de adaptación á reforma da LOU, que son as que se traen hoxe ao Consello de Goberno

A propia LOU da un prazo de 3 anos desde a súa entrada en vigor para a reforma dos Estatutos e permite que o Consello de Goberno aprobe a normas provisórias que estime necesarias para o funcionamento da Universidade durante ese tempo.

Estas normas provisionais foron revisadas pola Asesoría Xurídica e polo Servizo de Normalización Lingüística.

A secretaria Xeral e despois o Vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado expoñen o contido concreto das normas provisionais tal e como se recollen no **anexo 3**.

Intervén o Prof. Legido para preguntar sobre a legalidade da modificación dos regulamentos que supoñen en último termo modificación de Estatutos por parte do Consello de Goberno e non polo Claustro.

A Secretaria Xeral resposta que a propia LOU o permite porque autoriza ao Consello de Goberno a adaptar as súas normas á LOU antes de modificar os Estatutos da Universidade.

Apróbase por asentimento.

**Punto 12.** Aprobación, se procede, da creación de cargos de I+D: Director e Subdirector do GRADIANT.

Cédese a palabra ao Vicerreitor de Investigación quen explica que é unha plataforma tecnolóxica galega e o seu obxectivo é xerar na industria inxerencias no eido da I+D. No relativo ao Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia a Universidade de Vigo ten as portas abertas e a sede vai estar na Escola Superior de Enxeñeiros de Telecomunicacións e despois en CITEXVI e o director vai ser un profesor da nosa Universidade. De aí esta proposta que se trae ao Consello de Goberno de crear novos cargos para facilitar aos nosos profesores estar aí sen deixar de estar na Universidade. Así o director seguirá sendo profesor de Universidade de Vigo cunha desgravación completa, e haberá dous subdirectores cunha desgravación de 12 créditos. En ningún caso se pagará complemento retributivo pola Universidade. Cando se firme coa Dirección Xeral de I+D o correspondente convenio, establecerase unha compensación para a Universidade.

O Prof. Mejuto, tendo en contra que a creación de centros tecnolóxicos non se limitarán unicamente ao GRADIANT, pregunta se non sería mais axeitada a creación de algo mais xenérico, aprobando unha estrutura xeral e non particular.

O Vicerreitor de Investigación sinala que polo momento só existe un centro tecnolóxico, polo demais en relación ao custo deste novos cargos, se está a negociar coa Dirección Xeral non só unha compensación dos créditos que se deixan de impartir polo profesores nomeados, senón tamén a investigación e os proxectos que poidan xurdir.

Intervén o Reitor para sinalar que o enunciado deste punto da orde do día tería que ser moi xenérico e se debe pensar en non pechar portas e deixar clara a intención da Universidade de participar en todo centro ou plataforma tecnolóxica e a solución de manter ao profesorado vinculado á Universidade.

Por último, a Secretaria Xeral explica que a razón de incluír un punto coa creación específica destes cargos débese a que se trata da creación dun novo cargo académico que, de acordo con art. 53 dos Estatutos da Universidade, debe ser aprobado en Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

**Punto 13.** Aprobación, se procede, da normativa reguladora da tramitación do Suplemento Europeo ao Título.

Cédese a palabra á Vicerreitora de Titulacións e Conxerxencia Europea quen detalla o contido da normativa reguladora do Suplemento Europeo ao Título que se recolle no **anexo 4**.

O Prof. Rodríguez Fuentes pregunta se se vai remitir información aos titulados. Ao que resposta a Vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea que lle dará a máxima difusión posible.

O Sr. Campos, ante a consideración de que o Suplemento Europeo ao Título, é un documento de información onde se plasman, entre outras cousas as competencias e capacidades profesionais adquiridas, pregunta que pasa coa Enxeñaría Informática e as atribucións profesionais. A Vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea expón que todas as titulacións dan competencias pero as atribucións profesionais só as teñen algunhas titulacións e non se incorporan ao título.

O Prof. Piñeiro pregunta se só se concede o Suplemento Europeo ao Título ás titulacións que se enumeran. A Vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea resposta que si e que xa se está facendo.

O Prof. Barcia pregunta pola inclusión de Belas Artes, ao que a Vicerreitora resposta que no momento da entrada en vigor do Decreto que regula o Suplemento Europeo ao Título aínda tiña alumnos.

Apróbase por asentimento.

**Punto 14.** Aprobación, se procede, de incorporacións de remanentes de libre disposición.

Cédese a palabra á Vicerreitora de Economía quen expón o contido das incorporacións dos seguintes remanentes de libre disposición:

Programa 300S “SERVICIOS DE XESTIÓN CENTRALIZADA”

<b>Orgánica 0000 300S 352</b> ( Xuros de Demora )	87.875,37€
<b>Orgánica 0000 300S 352</b> ( Provisión devolucións Xuros de Demora ó MEC)	50.000,00€
<b>REMANENTE APLICADO Ó PROGRAMA 300S</b>	<b>137.875,37</b>

Programa 122P “Proxectos de Investigación con financiamento externo ”

<b>C411 122P 646.02</b> (Programas Investigación cofinanciados MCT)	6.457,61€
<b>C515 122P 644.02</b> (Programas Investigación MEC)	3.030,01€
<b>Orgánica 2º Prox 122P</b> (Provisión devolucións proxectos Investigación ó MEC)	15.000,00€
<b>REMANENTE APLICADO Ó PROGRAMA 122P</b>	<b>24.487,62</b>

Programa 122F “Fomento de proxectos de Investigación”

<b>Z506 122F 641.02</b> (Axudas aos equipos de Investigación)	34.000,00€
<b>REMANENTE APLICADO Ó PROGRAMA 122P</b>	<b>34.000,00</b>

Programa 122I “Formación de Investigadores”

<b>Orgánica 0022 – 641.00 (Reunión Científicas)</b>	<b>32,92€</b>
<b>REMANENTE APLICADO Ó PROGRAMA 122I</b>	<b>32,92</b>
<b><u>IMPORTE TOTAL APLICADO</u></b>	<b><u>196.395,91</u></b>

Apróbase por asentimento.

**Punto 15.** Aprobación, se procede, da Memoria 2006 da Oficina de I+D

Cédese a palabra ao Vicerreitor de Investigación quen expón as liñas xerais da memoria da Oficina de I+D, que se recolle no **anexo 5**.

Apróbase por asentimento.

**Punto 16.** Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: Especialista en administración de redes e servizos IP e Especialista en intervención e atención de persoas con dependencia.

Cédese a palabra ao Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que ambos cursos contan co informe favorable da COAP do 16 de xullo. No segundo caso (Especialista en Intervención e atención de persoas con dependencia) a aprobación pola COAP quedou inicialmente condicionada á da Xunta de Centro da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense prevista para o 18 de xullo. A Xunta de Centro pronunciouse tamén favorablemente.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 17.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración coa UNED, para o recoñecemento de créditos de libre elección – Convenio de colaboración coas Universidades de Coruña e Santiago de Compostela para a aprobación do plan de estudos de posgraoo interuniversitario de empresa familiar.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 18.** Rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Campos quen, tendo en conta que a Universidade de Vigo e moi importante en tecnoloxía, solicita que a Universidade se solidarice cos enxeñeiros técnicos de informática co tema das atribucións profesionais.

O Reitor sinala ao respecto que os informáticos xa se están movendo con ese tema e nos debates relativos a atribucións e competencias están todas as Universidades. Por outra banda, o MEC ante as reclamacións presentadas anunciou que se queren modificar os listados de enxeñarías e incluír aos enxeñeiros informáticos.

O Prof. Legido expón o problema detectado nos supostos de estancias de profesores no estranxeiro con permiso da Universidade ao carecer de cobertura durante ese tempo e solicita que se estableza algún tipo de seguro para evitar esta situación.

A Vicerreitora de Economía toma nota para estudar o tema e buscar unha solución.

O Sr. Fariñas intervén para reiterar a súa pregunta sobre o centro de linguas nos seguintes termos:

“Porque o centro de linguas subiu, do curso académico 2006/07 o curso académico actual, 30 € as taxas de matrícula nos cursos de idiomas en cada cuadrimestre para os estudantes da Universidade de Vigo, (diferenciando isto dos cursos para estranxeiros por se había error e se confundía esta intervención ca anterior referente as taxas dos estudantes Erasmus), cando o curso pasado casa curso cuadrimestral custaba 150 € agora custan 180€, e que non tiña moito sentido asinar convenios para enviar alumnos a aprender idiomas por Europa e despois os cursos de idiomas na nosa universidade se encarecían cada vez mais, que se queremos que os alumnos da Universidade de Vigo salgan mellor formados en idiomas que mellor incentivo que ter os prezos mais baixos posibles para animalos a facer os cursos do centro de linguas. Que non vexo mellora no servizo, que xustificase esta suba da matrícula, que 300€ por un curso completo de idiomas era moito e 360 xa é un abuso, que os estudantes xa pagaban unha matrícula para acceder a universidade que estamos nunha universidade pública”.

O Reitor resposta que a información que ten é que dun listado de 50 universidades, a Universidade de Vigo é a sétima mais barata cun custo de 3 euros a hora, fronte á de Barcelona, por exemplo cun custo de 8 euros, sendo a mais barata a de Salamanca a 2,22 euros a hora. En relación aos nosos alumnos que van fora non ten datos tan exactos pero si algúns exemplos de algunhas universidades: Nancy2 cobra 900 euros, Rennes 140 euros , Onasbruck 90h/320 euros, Burdeos1 cobra 60€ polo test, as nórdicas son moi caras, e as inglesas supoñen que xa sabes inglés.

Debátese entre o Reitor e o Sr. Fariñas sobre o custo destes cursos e a comparación cos da Universidade de Vigo, concluíndo o Reitor que o rogo do Sr. Fariñas está xa feito e que o momento para analizar a posibilidade da súa redución é nos orzamentos.

O Sr. Fariñas pregunta sobre o estado da piscina do campus de Ourense, se o proxecto está parado e posibles prazos para a súa conclusión.

O Vicerreitor do Campus de Ourense resposta que o proxecto non está parado pero houbo que derribar o vaso por unha deficiencia e iso supón retrasos na obra.

O Sr. Fariñas continúa preguntando sobre o DUVI e a razón de que estea parado.

O Vicerreitor de Relacións Institucionais, pide desculpas polo tempo que estivo o DUVI sen funcionar e sinala que a idea e que estea en marcha novamente no inicio do vindeiro curso académico.



O Sr. Fariñas, en relación á Guía do Estudante se queixa de que no mesmo haxa moi poucas fotos do campus de Ourense e que no que respecta ás asociacións, no aparecen todas enumeradas. A maiores sinala que na páxina web existe moi pouca información sobre as asociacións.

O Vicerreitor de Relacións Institucionais resposta que na Guía do Estudante tratase de dar unha visión rápida da Universidade e que non é un directorio.

O Vicerreitor do Campus de Ourense engade que no campus de Ourense existe unha guía propia que se entrega aos alumnos de primeiro coa matrícula.

Por último, o Sr. Fariñas reitera a pregunta dirixida á Secretaria Xeral sobre a falta de contestación por parte da Asesoría Xurídica a unha consulta xurídica feita por unha asociación de estudantes.

A Secretaria Xeral resposta que, ante a consulta feita xa no anterior Consello de Goberno, e unha vez revisados os antecedentes de Asesoría Xurídica, respondeuse por escrito indicando que este servizo está para prestar asesoramento aos órganos de goberno da Universidade.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:25 horas do día 23 de xullo de 2007 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Reitor.



O Reitor

Alberto Gago Rodríguez



Ao Secretaria Xeral

Esther Mª González Pillado